

Convenio de Colaboración entre a consellería de Cultura, lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense relativo á utilización de determinadas instalacións e servizos da residencia xuvenil Florentino López Cuevillas e para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude

En Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Don José López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (Diario Oficial de Galicia nº82, do 30 de abril de 1991), e de conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

E doutra parte, o Don Luis Menor Pérez, Presidente da Deputación Provincial de Ourense, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e que mutuamente se recoñecen.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ao abeiro do disposto no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude incluíndo o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil e o fomento da participación da xuventude na vida social.

Terceiro.- Que a Consellería Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense están interesados en establecer as canles de colaboración necesarias para a promoción do deporte entre a xuventude, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas e creando sinerxias entre ambas mediante o aproveitamento compartido das instalacións de titularidade de cada unha.

Cuarto.- Que a Consellería Cultura, Lingua e Xuventude está interesada en apoiar e promocionar o deporte entre a xuventude e facilitar que mozos e mozas do rural poidan continuar desenvolvemento a súa formación deportiva, contando cos medios necesarios para dar aloxamento e manutención aos deportistas, sempre que sexa compatible coa finalidade das súas residencias xuvenís.

Así, para a consecución destes fins, consideran necesario asinar un convenio de colaboración no que se reflectan os compromisos que asume cada unha das partes.

Polo exposto, as partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS



Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Ourense para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude, acollendo na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense a un máximo de cinco (5) deportistas, en réxime de aloxamento e mantenza e gozando dos mesmos servizos que os demais residentes.

Segunda. Obrigas da Deputación Provincial de Ourense

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a facilitar o uso das canchas das instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola administración provincial aos mozos e mozas residentes na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, centro dependente da Consellería Cultura, Lingua e Xuventude.

Para iso, previa solicitude, concederáselles unha bonificación no prezo público aplicable do 90% , segundo o procedemento previsto no artigo 5 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos, pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo de deportes Paco Paz e noutras instalacións deportivas.

O uso das instalacións por parte das persoas residentes efectuarase previa solicitude, no horario mais axeitado, tras o informe favorable do Servizo de Deportes da Deputación e sen interferir na dinámica propia dos centros deportivos.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería de Consellería Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitar aloxamento e manutención en réxime de pensión completa aos 5 mozos e mozas deportistas que seleccione a Deputación Provincial de Ourense. O aloxamento e manutención será na residencia xuvenil de titularidade autonómica Florentino López Cuevillas, sita na rúa Arturo Pérez Serantes, n.º 2, na cidade de Ourense.

En todo caso, os períodos de estancia destes 5 mozos/as quedarán condicionados á ocupación e necesidades da residencia e estarán suxeitos ao funcionamento regular da mesma, así como a necesidade de compartir habitación con algún dos/as estudantes residentes.

Cuarta. Obrigas dos/as mozos/as deportistas.



Os mozos e mozas que se acollan na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas deberán respectar e cumprir en todo momento as normas de réxime interno do centro, non interferir ou alterar o normal desenvolvemento da convivencia no centro e participar, na medida do posible, nas actividades organizadas pola propia residencia. En caso contrario e previo apercebimento a dirección do centro poderá determinar a súa expulsión nas mesmas condicións que calquera outro residente.

Quinta. Danos ocasionados

As persoas deportistas seleccionadas e de acordo á da Orde *do 8 de xullo de 2024 pola que se determinan as bases reguladoras para a concesión de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o curso académico 2024/25, segundo establece o artigo 20.2 da mencionada orde*, deberán depositar ao igual que o resto dos residentes, unha mensualidade en concepto de reserva que se lle devolverá ao finalizar a estancia.

Esta reserva non será reintegrable no caso de perda de dereito a praza.

En todo caso, os danos que ocasionen os/as deportistas acollidos ao abeiro deste convenio nas respectivas instalacións serán custeados subsidiariamente, pola administración deles responsable.

Sexta. Comisión de seguimento

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase unha Comisión mixta de seguimento e control co fin de instrumentalizar o traballo obxecto do presente convenio de colaboración, establecer as normas a seguir, así como resolver tanto as controversias que suscite este convenio na súa execución como, en primeira instancia, as cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación e efectos do mesmo, en todo caso, velará polo cumprimento do obxecto da colaboración e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

a) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de xuventude, que exercerá a presidencia da comisión.



No caso de ausencia, vacante ou enfermidade, a suplencia asumirase de acordo co establecido no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

b) A persoa titular da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, ou unha persoa da entidade que o/a substitúa.

3. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle a quen designe a persoa titular da presidencia da comisión, de entre o persoal funcionario da dirección xeral competente en materia de xuventude. Contará con voz pero sen voto.

4. Esta comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. Resolución do convenio

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- Por mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

Oitava. Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio será dende o día seguinte da súa sinatura ata o remate do curso académico 2024/2025 (31 de xullo de 2025).

Novena. Natureza do convenio

O presente convenio terá natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel, así como o estipulado na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación supletoria os principios inspiradores da citada Lei 9/2017, do 8 de



novembro, sendo competente a xurisdición contencioso-administrativa para coñecer todas aquelas cuestións litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

Décima. Obrigas de publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Un décima. Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas



previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datospersoais>

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e na data da sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude O presidente da Deputación Provincial de
Ourense

José López Campos

Luis Menor Pérez

